




CASTRO DE CASTRELO (Santa Mariña do Monte)

O castro de Castrelo está situado ao Norte do Concello de San Sadurniño, na parroquia denominada antigamente "[Monte](#)", meseta chaira con numerosas mámoas megalíticas cara o oeste, arredor do lugar de "**Moimentos**". Poucos datos se teñen sobre iste asentamento que -xunto co veciño castro da **Escoitadoira** e o de **Bardaos**- poderían ser importantes centros agrogandeiros das serras e terras altas de excelente forraxe, caza abundosa e ao tempo formar parte dun sistema de vixilancia e control do territorio montesío e boscoso que "protexía" os castros do actual Val de San Sadurniño mais ao sur. Actualmente está moi deteriorado polos eucaliptos e silveiras que agochan os restos das súas murallas e a croa. Aquí podes consultar algúns datos básicos publicados en "Catalogación castrexa da bisbarra de Ferrol". Cadernos do Ateneo Ferrolán nº 5 (1987) e fotografías aéreas do castro tomadas polo exército americano en 1956.





Castros veciños de Escoitadoira e Castrelo. Fotografía aérea 1956

CASTRO de CASTRELO

1-LOCALIZACION.

CONCELLO. - S.Sadurniño 43°34'50" LAT.N.
COORDENADAS. - 4°23'17" LONG.O.
PARROQUIA. - Sta.Maria do Monte ALTITUDE. -261 mts
LUGAR. -Castrelo FOLLA CATASTRAL. -Nº 7

2-EMPRAZAMENTO.

Toma-la estrada Ferrol-Ribadeo e chegar ata S. Sadurniño.Unha vez ali,colle-la estrada cara Valdoviño.No quilómetro 6,nunha encrucillada,tomar á dereita unha pista asfaltada cara ó lugar de Castrelo.A 1700 mts. da anterior gallada,hai outra,onde colleremos o ramal da dereita,e a 200 mts.,á esquerda da pista,emprazase o xacemento nun pequeno outeiro.

3-MEDIDAS.

EIXES: N-S...28 mts.(zona medible)
L-O...68 mts.

DEFENSAS	LONGO	ANCHO	ALT EXT	ALT. INT
MURALLA-1 Perimetral	15,50 mt	3,20 mts	1,75 mts	
MURALLA-2 Perimetral	3,50 mts	1,10 mts	2 mts	
FOXO		6 mts		

4-DESCRIPCION.

É un castro de chaira,aínda que se empraza nun pequeno outeiro,cunha lixeira inclinación cara ó Norte.

O seu foxo atópase no seu lado Sur.

Tódalas entradas son recentes; pola súa cara Norte e Oeste,o conxunto castrexo foi achanado pola construción dunha pista e unha vivenda,polo que o seu estado de conservación é lamentable e é moi difícil delimitar as súas medidas.

Os terreos son de propiedade particular e preto del hai un regato.

Posúe eucaliptos,toxos e silvas que fan moi dificultoso a súa medición.

5-FOLKLORE.

Un veciño do lugar de 62 anos dixo:

"...O castro foi feito polos mouros...O fixeron en redondo,e lle chaman Croa pero é un castro...Apareceu un forno debaixo dunhas pedras e un día un home de aquí encontrou unha pedra con brillantes...Ai diante hai tamén unha croa (1) que foi feita igual polos mouros..."

Unha muller de 70 anos comentounos: "...Pola parte de abaixo por onde corre a pista,había un camiño que lle chamaban - da Congosta - que iba cara ó castro,e era un camiño moi fondo...O castro foi dos mouros..."

(1)- Do Castro de Castrelo ata a Croa de Castrelo hai 300 mts.

CASTRO DE CASTRELO

